

Carta de Ankara

Unha cidade húmida e vibrante

XAVIER QUEIPO

Eu tiña unha idea de Turquía forxada nas lecturas dos seus poetas suífs, nas novelas do recente Premio Nobel Orhan Pamuk, nos relatos de Amin Maalouf, nos libros de historia que falaban da grandeza de Bizancio, nas etapas iniciais de Marco Polo, que na súa viaxe por Oriente partira da cidade otomá de Trebizond, no Mar Negro, na inimizade profunda cos seus veciños gregos, na traxedia da illa dividida de Chipre, nas montañas de Capadocia, nos vales onde se amorean as bolboretas logo de migracións fabulosas, nas augas salutíferas e nas praias de augas transparentes, e en moitos outros lugares comúns. Coido que niso non son orixinal nin o deixo de ser, simplemente sigo o común do comportamento humano, a extrapolación de imaxes e saberes adquiridos de xeito indirecto, cos que construímos unha imaxe propia dun lugar onde nunca estivemos. Dese xeito a aproximación maior ou menor á realidade do lugar xeográfico declínase a partir do volume, da calidade e da estrutura da información.

Estas e outras ideas preconcebidas estaban na miña mente, entre elas a de ser Ankara unha cidade creada do nada, nun ermo, para construír así a capital da República nun lugar central e afastado de Istambul, cidade cosmopolita, mais abeirada con Europa, nunha encrucillada de camiños. Pois non, Ankara xa estaba alí, poderíase dicir que dende sempre, pois os restos arqueolóxicos indican a presenza de celtas, gálatas, hititas¹, persas, romanos, otománs por descontado, e logo as distintas potencias europeas que estableceran alianzas/protectorados no Oriente Próximo. O que si é certo é que logo de establecida a capitalidade en Ankara, esta medrou de xeito exponencial, sobre todo nas tres últimas décadas, converténdose nunha cidade sen límites.

Canta xente vive aquí?

Unha das primeiras incógnitas, ata agora aínda non resolta, é saber canta xente habita en Anka-

ra. Cando un non ten tema de conversación —esgotado o recurso ao tempo atmosférico, a nacionalidade e, neste caso, a perplexidade do chofer de que sendo eu español² non sexa seareiro nin do Barcelona nin do Real Madrid— ocorrúsememe preguntar canta xente vivía naquela cidade. A resposta foi coma se lle preguntase a un taxista na casa: “Depende. Están os que viven e os que chegan e se van, coma vostede, e depende tamén de ata onde se consideren os lindes da cidade”, para logo indicar que nela habitaban uns oito millóns de persoas.

No día a seguir, cando falei cun funcionario do Ministerio de Agricultura, Pesca e Desenvolvemento Rural, el reduciu ese número a “seis millóns nos momentos de máxima expansión”, o que realmente me chocou bastante e non sei aínda o que quixo dicir: se intentaba dicir que a cidade encollera en habitantes ou en espazo. Outra vez a indefinición. Non me contentei con esas dúas respostas e requirín entón os tres mozos que servían na recepción do hotel Divan, onde me aloxaba. Puxéronse a discutir proxectando un baile de números ata que un deles decidiu entrar na Wikipedia, que refería tres millóns seiscentos mil, o que non daba razón a ningún deles nin aos meus informantes anteriores. Certo que o dato era de 2007, mais aínda así, as cifras disparábanse na percepción de todos eles.

Unha visita diplomática

Se un vai de visita oficial, como era o meu caso, non pode fuxir da hospitalidade turca. Explicáreme, pois como sempre que alguén se empeña en agradar, non sempre o consegue. Primeiro está a vista a Anıtkabir, onde se sitúa o mausoleo de Mustafa Kemal Atatürk, pai fundador da Turquía moderna e auténtico “pai de todos os turcos”, pois existe a prol del un culto á personalidade difícil de asimilar en toda a súa intensidade por un visitante esporádico. Tal é o culto, que o día do aniversario da morte de Atatürk, xusto ás 9:05 da mañá, todo o país se detén por uns minutos para

honrar a memoria daquel que convertera o estado otomán nun estado republicano e occidentalizado.

O mausoleo do gran condutor é lugar ideal para os que gusten dos edificios que recrean o estilo neoclásico mesturado cunhas pingas de realismo socialista e grandiosidade xermánica (por non dicir fascista). O edificio é grandioso, cunha sala inmensa onde está o cenotafio de Atatürk, a onde, por descontado, acudimos a render homenaxe. Teño unha foto diante do mausoleo, mais o pudor non me deixa axuntala a esta carta (terán que esperar a que eu sexa vellote e xa nada importe), como todos os que por aquí pasan, campesiños e estudantes, turcos das distintas etnias e xente chegada doutros países.

Do lado do mausoleo, ou formando corpo cunha das ás do mesmo, está o museo de Atatürk, onde se conservan innúmeros obxectos que pertenceron ao líder carismático, fundador da República turca, laica e democrática (por canto tempo?). Recrear todos eses obxectos sería case imposible, pois hai variedade de espadas, puñais e espadíns, de pistolas e traxes de campaña, lentes, petacas e tabaqueiras, estilográficas, cálamos e recado de escribir co membrete do líder, pantuflas, calzas e calzóns, esporas, cadeiras, gorros de noite e camisóns, bandeiras, estandartes e condecoracións, fotos, manuscritos, e, por descontado, vaixela para toda ocasión, roupas bordadas e chapeus diversos, traxes de gala e de andar na casa, tenaces e peites para estirar e adobiar os bigotes, carimbos, garavatas, mazos, camisas... e ata o aparello de remo que o líder utilizaba para se manter en forma. Os anfitrións foron amábeis e deixáronnos en mans dun guía turístico que falaba un inglés con acento da costa Oeste dos EUA e que coñecía, por descontado, cada obxecto do líder, que ía describindo con luxo no detalle e paixón na entoación (coma se se tratase dos obxectos do seu avó, tan grande era o agarimo con que os trataba). Eles, os anfitrións, despedíronse, non sen antes citarnos para cear nun coñecido restaurante de Ankara.

Xavier Queipo é biólogo molecular, médico e escritor. Autor, entre outros libros, de *Ringside* (1993), *O paso do noroeste* (Premio García Barros 1996), *Malaria sentimental* (1999), *Papaventos* (2001), *O ladrón de esperma* (2001), *Os ciclos do bambú* (2003), *Dragona* (2007), *Saladina* (2007), *Cartas marcadas* (2010), e *Ártico 2.0* (2011). No ano 2011 gañou o Premio Xerais de novela por *Extramunde*.

Fotografías do autor



Campesiñas turcas logo de render homenaxe diante do cenotafio de Atatürk

1. Non escoitara falar dos hititas dende a escola primaria, onde un meu mestre, don Tomás, falábanos con detalle das idas e vidas das civilizacións que nos precederan, abrindo o noso interese polos coñecementos afastados da historia oficial, aquel fascismo miserento, onde nos pretendían manter na ignorancia do que non fose a grandeza de España e as súas colonias.
2. Non lle expliques a un chofer que ti es galego, que te consideras parte de España de xeito administrativo, mais que a historia... Non te vai comprender e vai pensar que estás algo tolo. Coido eu que esas inversións dialécticas en explicar a multi-nacionalidade hai que as gardar para cando se poida dar unha relación de tempo.



Mausoleo de Atatürk

Peixe espada e unhas luras exquisitas

A cea foi épica, tanto que logo pasaría factura nos días a seguir, co estómago fóra de todo control e o corpo mallado polo exceso. O restaurante era enorme e o eirado onde prepararon a nosa mesa daba a un barranco, polo que algún día correu un río e por onde se cadra tempo atrás brincaban os coellos, os gatos e as ovellas de Angora, pois así foi coñecida esta terra no pasado e dela é orixinaria esta fauna selecta, de apreciada peluxe, a la de Angora.

Comezaron a chegar pratos de todas as delicias que os anfitrións podían ofrecer e que estaban no aquel da súa dieta. Tivemos que nos conformar con acompañar a comida con té e refrescos, pois no lugar non servían bebidas con alcol (malia producirse nos arredores un viño notábel, que logo probaríamos de regreso no hotel, non tanto como desquite senón como curiosidade). Principiamos cunha sopa de iougurt con herbas aromáticas para logo pasar ao *pranzo* máis serio. O peixe espada afumado estaba delicioso, e sendo como son de terra onde se trata ben o peixe, apreciei tamén unhas luras con rebozo (aínda non sei que especia levaban nel, mais dificilmente poderei esquecer a sensación) e un outro peixe que se semellaba ao rodaballo. Logo chegaron as carnes de cordeiro e de polo cun delirio de mollos ocre e castaños, que queimaban na gorxa, mais sobre todo na entrada do estómago. A presión diplomática facía que fose difícil, verbo imposible, non aceptar unha proba e unha segunda rolda de cada tipo. Os anfitrións insistían en servirnos a nós e analizaban cada move-

mento do noso corpo para saber se a comida nos prestaba ou non. Cando chegaron os doces (hiper-doces), xa o corpo estaba convertido nunha masa inerte que apenas se podía mover. Comezou a chover e iso liberounos dunha segunda rolda de sobremesas, *merci*.

Nin tan moderno nin tan arcaico

Ankara (Angora) e unha cidade desestruturada e radial, que medra de xeito fractal entre espazos de difícil catalogación, que ás veces semella europea e ás veces asiática, que ten eirados enormes e campos íngremos entre urbanizacións xurdidas do nada, pequenos mercados e parques magníficos, que recende distinto segundo o barrio, que semella non ter un centro senón unha morea deles, coma se medrase por gromos ou esporas, que ten un tráfico infernal (un pódese cruzar con carromatos improvisados ou automóviles de última moda), onde hai rapazas punkies e rapaces barbados con saión de morabitos, onde a metade dos homes leva bigote (pasei desapercibido e ata me interpelaron na rúa en como chegar á un hotel) e segundo a súa forma e método de corte indican a pertenza a unha ou outra caste da *intelligentzia* islámica³, onde de socato hai unha enxurrada de xente xurdindo dunha ruela e daquela cóntanche que veñen de rezar da mesquita e que van traballar (mozos tatuados e executivos impecábeis, funcionarios de policía e obreiros manuais, artesáns, pobres de pedir, impedidos e homes barbados, adolescentes de cabelo rapado e paisanos acabados de chegar á vila) e cando no día seguinte pasas por outra rúa e queres facerte



Vista xeral de Ankara, dende os xardíns de Anitkabir

o espelido e dis que veñen da mesquita, resulta que a enxurrada de homes (son os mesmos?) vén dun partido de fútbol ou de *basquet*.

Eu, que son desordenado nos costumes e na vida (para desesperación dos próximos, que esperarían un ser máis certiño), estaba encantado con Ankara. Se cadra non podería vivir alí polos moitos obstáculos que supón o ambiente, comezando pola lingua (é sabido que a partir dunha idade a aprendizaxe faise menos doada) e polo clima, que ten as estacións moi marcadas, de frío glacial e calor abafante, e a crecente identificación entre estado e relixión (o que considero abominábel sexa onde for que se dea). Malia todo iso, Ankara é aínda unha cidade para se perder, que son as que realmente interesan.

E, como en todas as cidades que se visitan ás carreiras⁴, a un quedalle sempre mágoa de deixar por visitar este ou aquel lugar (no meu caso o xardín botánico), de non experimentar sensacións inauditas (aquelas que nos brindan os sentidos, eses puntos cardinais que todo viaxeiro debe ter presente), de non ser quen de se comunicar na lingua de uso, de non poder pasar unha tarde a non facer nada, sentado nunha terraza, vendo pasar xente de variadas etnias, sentindo a vibración da cidade, o seu pulso, o seu aquel cíclico que configura a súa personalidade. Non ter tempo tampouco para percorrela ao anoitecer ou vendo saír o sol cada mañá, como as cidades queridas onde vivín e vivo⁵.

A última vez que a visitei tiña comigo un libro⁶ do poeta Jalāl-ad-Dīn Muhammad Balkhī (1027-1273), coñecido como Rumí, poeta e pensador sufí que, sendo orixinario de Persia,

viviu maiormente en Anatolia. Antes de deixar Ankara, anotei un pensamento que vai como despedida: “Close both eyes, to see with the other eye” (‘pecha os dous ollos para ver co outro ollo’). Fixen o propio e entraron polos outros sentidos o cheiro da terra mollada e o recendo das flores aromáticas, escoitei o canto do muecín mesturado co rebumbio da xente nas terrazas dos cafés, sentín a brisa chegada das chairas de Anatolia e apalpei o meu corpo con abraio ■

3. Non lles vou revelar a que caste islámica pertencería segundo o deseño do meu bigote, mais conformareime con pensar que sería á máis democrática e menos partidaria do integrista que gusta de aplicar a “sharia” en todo momento e lugar.

4. Mesmo que, como no caso, se recunque na visita, o tempo adoita ser limitado para establecer unha relación íntima coa cidade. Vanse ampliando horizontes, complementando referencias e engadindo percepcións, ese xeito “posmoderno” de viaxar, de captar por acumulación secuencial.

5. O meu triángulo amoroso é ben simple: Compostela, Vigo e Bruxelas; o resto son cidades de paso.

6. *The essential Rumi*, traducido por Coleman Barks e John Moyne, Penguin, Londres, 1995, que atopara días antes na librería de vello Nijinski, na Comuna de Ixelles, que visito unha vez cada trimestre, na procura de alfaias a bo prezo.